



Acreditación de competencias: asesoramento: **Convocatoria de reunión grupal: luns 27 de abril ás 16,30 horas no salón de actos do CIFP Rodolfo Ucha.**

Como candidato/a admitido/a no proceso de acreditación de competencias profesionais regulado pola Orde do 16 de decembro de 2014 pola que se convoca o **proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral**, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, de distintas familias profesionais, (DOG 2 de xaneiro de 2015), e segundo o establecido no seu artigo 13 apartado 4, **queda convocado/a á reunión de asesoramento que se celebrará no salón de actos do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro de Ferrol o vindeiro luns 27 de abril de 2015 ás 16:30 horas.**

Conforme ao artigo 13, da Orde, o/a candidato/a que non asista as reunións da fase de asesoramento, sen xustificación, perderá a condición de candidato/a.

Conforme ao artigo 10 da Orde, **para ter dereito a participar na fase de asesoramento** terá que formalizar o pagamento dunha **única taxa 20 euros** e entregar aos asesores o xustificante de tela aboadado na reunión do luns 27 de abril.

O pagamento da taxa deberase realizar de forma telemática ou a través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, consignando os seguintes datos:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: código 07.

Delegación de Servizos Centrais: código 13.

Servizo de Secretaría Xeral: código 01.

Taxa denominación: asesoramento do/da candidato/a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: código 304201.

De acordo co artigo 23, punto 10, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (modificada pola Lei 14/2006, do 28 de decembro), **estarán exentas do pagamento de taxas** as persoas que no momento de iniciarse as sesións de asesoramento e avaliación figuren como desempregados, así como aquelas persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. As persoas exentas do pagamento das taxas deberán presentar na reunión do luns 27 de abril a documentación que acredite este dereito:

- No caso do/a traballador/a desempregado/a, esta situación acreditarase cunha certificación da situación laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social con data da semana anterior á reunión.
- No caso de discapacidade, acreditarase co certificado ou resolución do órgano competente que acredite a devandita discapacidade.

A **non presentación dos xustificantes** de taxas en tempo e forma procedentes supoñerá a **exclusión do/a aspirante.**

En Ferrol a 15 de abril de 2015

OS/AS ASESORES/AS:

JORGE FERNÁNDEZ LÓPEZ

MARÍA ÁNGELES ARES ARES

MARÍA ELENA LÓPEZ BLANCO